

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Bolsas de emprego*****BOLSA XERAL DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL.*****A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local do Concello do Grove en sesión celebrada o 18 de xullo de 2016 adoptou o seguinte acordo do que se da conta para publicidade da convocatoria:

ASUNTO: BOLSA XERAL DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL E BOLSA DE EMPREGO ESPECÍFICA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A FESTA DO MARISCO

PRIMEIRO: Aprobar as bases que rexerán a contratación de dúas bolsas de emprego para persoal temporal, unha con carácter xeral e outra mais específica para a Festa do Marisco que se celebren conforme a duración da bolsa.

SEGUNDO: Dar publicidade as bases mediante convocatoria pública no Taboleiro de Edictos da Corporación, páxina web e BOP de Pontevedra, debendo primar a tramitación e resolución do expediente relativo á bolsa de emprego para a Festa do Marisco dada a súa cercanía temporal. O praza de presentación de instancias será de 15 días hábiles desde a publicación das Bases reguladoras dos procedementos de selección no BOP de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O emprego dos medios materiais adecuados e dos recursos humanos suficientemente preparados é unha necesidade imprescindible hoxe en día para poder levar a cabo de forma adecuada os servizos que lle presta o Concello do Grove á súa cidadanía.

Na cuestión relativa á organización dos recursos humanos no sector público, débense de ter en conta os principios constitucionais de acceso ao emprego público previstos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución española, que son os de igualdade, mérito e capacidade.

Débese de ter en conta tamén que a Administración local é a que está máis preto das demandas de servizos por parte da cidadanía, e a que está a asumir progresivamente competencias que implican unha maior complexidade no seu desenvolvemento.



A consecución dos obxectivos referidos é una prioridade na política de Recursos Humanos deste concello e o que se pretende conseguir mediante o instrumento adecuado, a regulación e creación da Bolsa de Emprego.

Artigo 1. Obxecto

Desde o respecto aos principios constitucionais indicados na exposición previa, con estas bases preténdese o establecemento de criterios para seleccionar o persoal laboral de carácter temporal dunha forma xusta e equitativa entre toda a veciñanza, que en todo momento coñecerá os requisitos, méritos e coñecementos esixidos polo Concello do Grove para ocupar os postos de traballo que sexan necesarios, por isto todas as contratacións laborais temporais que non se exclúan expresamente da presente bolsa de emprego deberanse realizar preceptivamente conforme o establecido nela.

Con estes criterios, preténdese mellorar a calidade das prestacións que recibe a nosa cidadanía e, en especial, axilizar os procesos selectivos para cubrir:

- 1.—Necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, co fin de garantir o seu adecuado funcionamento
- 2.—Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade (establecer mínimo de duración da baixa)
- 3.—Permiso por maternidade ou paternidade

Ao mesmo tempo, estas bases proporcionarán uns criterios máis transparentes e obxectivos á hora de realizar as numerosas contratacións que fai este concello durante un evento de capital importancia para o turismo como a Festa do Marisco, integrándose tamén na Bolsa categorías para a maioría dos postos que se necesitan cubrir para o seu correcto funcionamento.

Precisamente debido a isto, distinguiremos entre unha Bolsa de Emprego Xeral (BEX) e unha Bolsa de Emprego Específica para a Festa do Marisco (BFM) que, aínda compartindo os mesmos criterios de baremo, se diferenciarán na súa vixencia e nos prazos para a solicitude de inscrición.

Téñense tamén en conta na elaboración destas bases certos criterios de discriminación positiva para o caso de que se dean situacións de aspirantes con igualdade de puntuación, establecendo unha orde de preferencia para acceder á cobertura dunha necesidade temporal de emprego, tendo en conta os sectores de poboación con maiores dificultades de acceso ao emprego na actualidade, tales como:



- Persoas cunha discapacidade mínima do 33% e compatible co posto de traballo
- Maiores de 45 anos,
- Familias monoparentais
- Familia numerosa
- Persoas en risco de exclusión social
- Vítimas de violencia de xénero ou violencia doméstica
- Persoas desempregadas de longa duración
- Demandantes do primeiro emprego.
- Persoas desafiuzadas ou en risco inminente de desafiuzamento.

Tamén se establecerá neste sentido unha puntuación por estar a persoa empadroa no Concello do Grove.

Exclúense da aplicación da presente normativa os seguintes supostos:

- a) Provisións interinas de prazas do cadro de persoal funcionario, que se levarán a cabo segundo o disposto na lexislación vixente na que se establezan as normas para a selección de persoal funcionario interino.
- b) Persoal que se contrate a través de Programas de Fomento de Emprego financiados por outras administracións públicas que especifiquen o proceso de selección.
- c) Persoal eventual ao que se refire o artigo 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- d) Persoal en prácticas, formación ou bolseiros e bolseiras en virtude de convenios específicos cos distintos centros educativos ou entidades promotoras.

Artigo 2. Ámbito de aplicación da Bolsa de Emprego

As presentes bases servirán para a integración nunha Bolsa Xeral de Emprego para a contratación temporal de persoal laboral e noutra específica e con características excepcionais propias, de cara á contratación de persoal para a Festa do Marisco. A apertura de cada proceso de selección, conforme os grupos que a continuación se relacionan, efectuarase segundo o establecido no artigo 8.1 desta bolsa, que para tal efecto e nesta fase se clasifican do seguinte xeito:

BOLSA XERAL DE EMPREGO (BEX)

CATEGORÍA	CÓDIGO DE SOLICITUDE
Peón/peoa forestal	BEX-PF
Conductor/a de Vehículos Municipais	BEX-CVM



CATEGORÍA	CÓDIGO DE SOLICITUDE
Peón/peoa de albanelería de obras públicas	BEX-POP
Peón/peoa de limpeza xeral	BEX-PLX
Varredor/a	BEX-V
Fontaneiro/a	BEX-F
Encargado/a do mercado (praza de abastos)	BEX-EM
Auxiliar de cultura	BEX-AC
Auxiliar de turismo	BEX-AT
Técnico/a de normalización lingüística	BEX-NL

BOLSA ESPECIFICA FESTA DO MARISCO (BEFM)

CATEGORÍA	CÓDIGO DE SOLICITUDE
Limpador/a	BFM-L
Montaxe eléctrica	BFM-OME
Montaxe de carpintería	BFM-OMC
Axudante de cociña	BFM-ACÑ
Responsable de almacén	BFM-RA
Caixeiro/a	BFM-CX
Atención ao público	BMF-AP
Cociñeiro/a	BFM-CÑ

Aquelas outras categorías profesionais non contempladas na anterior relación que resulten necesarias para o funcionamento dos servizos municipais, así como aqueles supostos en que se esgote a Bolsa de Emprego, poderán ser obxecto do mesmo procedemento exposto nos artigos seguintes, e pasarán a integrarse na correspondente categoría ou creación ex novo de non existir na presente bolsa.

Artigo 3. Publicidade

A convocatoria da Bolsa de Emprego deberá ser necesariamente publicada no taboleiro de edictos municipal, na paxina web institucional do Concello, no B.O.P e nas redes sociais institucionais, garantindo con isto o coñecemento das ofertas de traballo desta administración e facilitando o principio de igualdade de toda a veciñanza do Grove.

Artigo 4. Condicións e requisitos que teñen que reunir as persoas aspirantes

No momento en que remate o prazo de presentación das solicitudes, as persoas aspirantes teñen que reunir os seguintes requisitos:



1. Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea ou, no caso de tratarse de persoas estranxeiras non comunitarias, contar con permiso de residencia ou permiso de traballo, que deberá de achegarse xunto coa solicitude.

2. Ter cumpridos os 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3. Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible co normal desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes ao posto solicitado. (Certificado médico de aptitude física e psíquica para o posto que se vai ocupar).

4. Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.

5. Non estar envolvidas en causa de incapacidade ou incompatibilidade para prestar os seus servizos no Concello do Grove.

6. Ter a titulación requirida para o posto que solicite, ou experiencia, no caso de ser necesaria para o posto de traballo ao que se pretende acceder, establecida no anexo III da presente Bolsa de Emprego.

Artigo 5. Solicitudes e documentación para presentar

5.1 Solicitudes:

As persoas aspirantes que desexen tomar parte na bolsa deberán presentar unha solicitude, segundo o modelo que se achega como anexo I, no Rexistro de entrada deste concello dentro do prazo indicado. Este prazo será especificado na propia convocatoria da Bolsa de Emprego.

Cada persoa candidata poderá solicitar participar en calquera dos grupos/subgrupos e categorías da Bolsa ou en varios ao mesmo tempo, sempre que acredite cumprir os requisitos para todos eles.

Despois de recibir as solicitudes, exporase a listaxe de persoas admitidas e excluídas, especificando a causa de exclusión e facilitando un prazo de corrección de 5 días naturais desde a súa publicación nas vías indicadas no artigo 3 destas bases.

5.2 Documentación que deberá que presentar:

As persoas aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude, e con carácter obrigatorio, os seguintes documentos:

1. Fotocopia compulsada do DNI ou documento acreditativo da súa identidade
2. Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados:



a) Para os méritos profesionais: contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral.

b) Para a formación: títulos de formación regulada, certificados de cursos, xornadas e talleres onde se especifiquen o número de horas da formación recibida e os contidos.

Neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, comunidade autónoma e Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración pública, directamente relacionados co posto ao que se opta (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua).

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en créditos ou o número de horas.

Tampouco se computarán os cursos cunha duración inferior a un crédito ou 10 horas.

c) Para as circunstancias persoais:

- Certificado do SEPE de períodos de inscrición como demandante de emprego
- Libro de familia
- Non é necesario solicitar certificado de empadramento, o Concello verificara se a persoa esta empadroadada.
- Outros certificados e informes oficiais que acrediten as circunstancias persoais expostas no artigo 1 destas bases.

Os méritos non xustificados suficientemente mediante a presentación da documentos á que se fai alusión neste apartado non se valorarán nin serán tidos en conta pola Mesa de Baremación.

Artigo 6. Mesa de Baremación

A valoración realizarase en función dos méritos e das puntuacións que constan nas presentes bases. A dita puntuación será valorada e avaliada pola Mesa de Baremación.

A Mesa de Baremación, que estará formada por:

1. Un/unha técnico/a da área de Recursos Humanos
2. Unha persoa técnica do departamento a que corresponda o posto que se trate
3. O/a secretario/a da corporación ou o/a funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario/a da Mesa e que terá voz pero non voto.



A Mesa de Baremación terá as seguintes competencias:

- Controlar a veracidade da autobaremación presentada nas solicitudes e a súa ordenación final dependente da puntuación obtida nela.
- Resolver e interpretar as incidencias, controversias e reclamacións que se produzan.
- Valorar a inclusión de novas persoas solicitantes na Bolsa en caso de esgotar as persoas candidatas.
- Resolver calquera dúbida que se produza como consecuencia da aplicación do procedemento de baremación.

Artigo 7. Procedemento de valoración

7.1 Valoración de Méritos

Recibida a relación de persoas aspirantes para integrar na correspondente Bolsa de Emprego, valorarase a documentación adxunta achegada conforme os criterios que se expoñen a seguir:

A valoración dos méritos persoais de cada aspirante farase conforme os seguintes criterios de puntuación, e comunicáraselle á Comisión de Valoración.

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:

Méritos profesionais:

I. *Experiencia laboral:* considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada pola persoa solicitante mediante o orixinal ou a copia cotexada de documentos xustificativos. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 6 puntos.

A. Por mes traballado na Administración pública no mesmo posto (ou semellante, cando a praza obxecto da selección fose creada exclusivamente por este concello): 0,20 puntos.

B. Por mes traballado na empresa privada, no mesmo posto (ou semellante, cando a praza obxecto da selección fose creada exclusivamente por este concello): 0,15 puntos.

II. *Formación.* Considéranse méritos profesionais a formación relacionada co posto de traballo para desempeñar. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 7 puntos.

A. Por ter titulación/s académica/s de nivel superior á esixida para participar na convocatoria e relacionada co posto para desempeñar, segundo a seguinte escala:

- i. Doutor/a 6,5 puntos
- ii. Licenciado/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a 6 puntos



iii. Diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro técnico	4 puntos
iv. Ensino en réxime especial (grao superior)	3 puntos
v. Ensino en réxime especial (grao medio)	2 puntos
vi. Técnico/a superior na correspondente profesión (CGS ou FP II) ou equivalente	2 puntos
vii. Técnico/a na correspondente profesión (CGM ou FP II), bacharelato ou equivalente	1 punto
viii. EXB, ESO ou equivalente	0,5 puntos

Non se outorgará puntuación polas titulacións esixidas para obter outra superior tamén valorada.

Non serán outorgará puntuación por titulacions que sexan esixidas como requisito mínimo.

Nas categorías da bolsa nas que un candidato presente unha titulación superior a esixida, darase como acreditada a titulación mínima esixida (non baremable), e baremarase a titulación superior

As titulacións deberán ser outorgadas, recoñecidas ou homologadas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

B. Por cursos, módulos formativos non incluídos na titulación esixida, seminarios, congresos, relatorios, xornadas atendendo aos criterios no artigo 5.2.2b e experiencias prácticas organizados por administracións públicas, relacionadas coa praza, para a obtención de puntos aplicaráse a seguinte táboa (a puntuación non poderá exceder de 4 puntos):

i. De 11 a 40 horas	0,03 puntos
ii. De 41 a 70 horas ou	0,05 puntos
iii. De 71 horas a 100 horas	0,07 puntos
iv. De 101 a 250 horas ou	0,10 puntos
v. De 251 a 400 horas ou	0,25 puntos
vi. De máis de 400 horas	0,50 puntos
vii. Por cursos universitarios aprobados ou máster	0,80 puntos



Circunstancias persoais:

Só serán tidas en conta en caso de empate nos méritos profesionais ou nas ofertas onde non sexa necesaria titulación nin experiencia previa. Sen limitación de puntos.

A. Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 12 meses): por situación de desemprego dentro dos últimos tres anos, debidamente acreditada mediante un certificado do organismo competente: 3 puntos máximo (0,10 por mes na dita situación).

B. Demandante de primeiro emprego: 0,2 puntos.

C. Por cargas familiares (compoñentes da unidade familiar sen ingresos: fillos e fillas, cónxuxe): 0,5 puntos por persoa dependente da persoa candidata, ata un máximo de 2 puntos.

(Aqueles persoas solicitantes que aleguen como mérito para valorar cargas familiares deberán achegar o libro de familia onde consten descendentes menores de 16 anos. Para os maiores de 16 anos e cónxuxes, deberán de achegar un documento expedido polo organismo competente no que consten os ingresos obtidos por calquera das prestacións establecidas na Seguridade Social e un informe sobre a inexistencia de situacións de alta expedido pola TXSS).

D. Por discapacidade, cun mínimo de 33% debidamente recoñecido: 1 puntos.

E. Por ter sido desafiuzada ou estar pendente de desafiuzamento: 1 punto.

F. Por estar empadroada no Concello do Grove nos últimos 2 anos consecutivos: 6 puntos.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente perante a Mesa de Baremación.

Proba práctica

Naqueles casos en que se presuma ou determine a necesidade ou conveniencia de realización dunha proba práctica, haberá dúas persoas para cualificalas.

Publicarase a necesidade da proba na convocatoria da categoría de que se trate. Posteriormente informarase ós candidatos dos contidos e o tempo de realización desta.

A cualificación será só APTO/A ou NON APTO/A.

Será un requisito imprescindible a cualificación de APTO/A por parte das dúas persoas cualificadoras para a inclusión da persoa aspirante na Bolsa da categoría na que se realice.



Esta cualificación non terá, polo tanto, repercusión na posición dentro da orde da categoría.

7.2 Puntuación total

Virá determinada pola suma dos méritos alegados e xustificados por cada aspirante.

A valoración individualizada farase sobre o Documento de Autobarefacción presentado pola persoa aspirante coa documentación complementaria pertinente e cos criterios indicados no anexo II destas bases. En todo caso, deberase ter en conta:

1. Que a valoración de méritos de cada unha das persoas aspirantes se fará en función da documentación compulsada achegada por esta, e cos criterios establecidos no anexo II destas bases.

2. Nas categorías en que se esixa formación e/ou experiencia laboral, primeiro realizarase a contabilización de méritos profesionais e formativos. No caso de empate, será a puntuación obtida polas circunstancias persoais establecidas no artigo 7 a que o resolva.

3. Utilizarase como factor de corrección, no caso de que se dea entre as persoas aspirantes o mesmo criterio de desempate, a maior antigüidade como demandante de emprego no SEPE.

4. Se mesmo así continuase o empate, o desempate decidírase por sorteo, feito pola Mesa de Barefacción e coa presenza das persoas candidatas.

5. Os resultados finais desta valoración serán reflectidos na correspondente acta de barefacción, que establecerá a orde de prelación entre as candidaturas presentadas por orde decrecente de puntuación, de conformidade coa valoración obtida e acreditada pola documentación presentada por cada unha das persoas aspirantes.

6. Nesta acta de barefacción indicaranse, se é o caso, igualmente as candidaturas que fosen excluídas por non cumpriren os requisitos necesarios para o desempeño do posto de traballo.

7. Á vista da dita acta, o/a alcalde/sa ditará unha resolución, que terá carácter provisional e que se exporá nos mesmos lugares que a convocatoria.

8. Os contratos de traballo realizados conforme estas bases non poderán ter unha duración superior, en ningún caso, a 6 meses.

9. Para garantir a rotación e a mellor distribución do emprego público, a persoa que no momento de entrada en vigor das presentes bases tivese relación laboral no último ano ou manteña relación laboral temporal con esta administración, unha vez finalizado o prazo previsto para a duración do seu contrato, pasará ao final de todas as listas ás que optase.



10. No suposto de que unha mesma persoa aspirante estea seleccionada para ocupar temporalmente dous postos, permitiráselle optar a un deles, agás se nunha das listas non hai ninguén máis para cubrir ese posto. Nese caso, terá que aceptar obrigatoriamente ese posto polas necesidades do Concello.

11. Publicadas as listas de aspirantes nos lugares preceptivos, isto é, taboleiro de anuncios e web do Concello do Grove, admitiranse reclamacións a estas por escrito, nas que se describirá de maneira precisa a reclamación, achegando, se for preciso, a documentación que se estime pertinente. As citadas reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes. Non caben reclamacións para a falta de documentación non proporcionada no seu momento. O prazo de presentación de reclamacións será de 5 días hábiles a partir da publicación da lista de aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello ou nos lugares preceptivos de exposición.

12. Examinadas as reclamacións presentadas, a Mesa de Baremación formularalle a correspondente proposta á Alcaldía, que ditará a oportuna resolución definitiva da convocatoria.

13. Cando as necesidades do Concello así o requiran, proporase a persoa candidata correspondente por orde de puntuación para que (coa súa conformidade para aceptar o posto de traballo ofertado) se proceda á súa contratación efectiva.

14. Quen renunciase a un posto de traballo de maneira xustificada e acreditada mediante un contrato de traballo en vigor pasará ao final da lista correndo quenda na bolsa. (A renuncia inxustificada será causa de exclusión da bolsa, tal e como queda especificado no artigo 11 sobre as causas de exclusión).

15. Tan só por razóns excepcionais e motivadas que deben constar no expediente se poderán prorrogar os contratos, limitándose a unha soa vez e por un período que non poderá superar o 50% do período inicial que motivou a contratación, e sempre que non estea comprendido no suposto do apartado 8º anteriormente citado, isto é, 6 meses ou o cesamento do financiamento do posto de traballo. Esta prórroga deberá ser razoada e motivada polo/a xefe/a de servizo que a propoña.

Artigo 8. Realización de Cursos de PRL

Todas as persoas admitidas deberán ter realizados ineludiblemente no momento da apertura da Bolsa, as pertinentes charlas de prevención de riscos laborais.

Con tal propósito, este concello facilitará a súa realización para todas as persoas aspirantes que fosen admitidas na Bolsa de Emprego.



*Artigo 9. Xestión da Bolsa**Apertura e chamamento:*

Establecida a prelación de candidaturas de acordo coa puntuación obtida por aplicación dos baremos anteriormente citados e debidamente reflectidos na acta de baremación definitiva, (e previa petición/solicitud do xefe de servizo requerinte ó servizo de RR.HH, especificándose a Categoría da Bolsa na que se vai facer a contratación), formularase a oferta de emprego, a medida que vaia sendo necesario cubrir os postos de traballo, que necesariamente terá que contar co visto e prace da Alcaldía-Presidencia mediante a correspondente proposta de contratación.

Esta proposta de contratación presentaráselle á persoa candidata correspondente por orde de puntuación para que, coa súa conformidade para aceptar o posto de traballo ofertado, se proceda á súa contratación efectiva mediante un decreto da Alcaldía-Presidencia e a conseguinte formalización do contrato laboral e demais trámites pertinentes en materia laboral, como é a alta na Seguridade Social ou outros esixidos legalmente.

A comunicación á persoa candidata da proposta de contratación realizarase a través dos medios que deixara a propia persoa candidata como forma de contacto (teléfono e/ou correo electrónico). Esta proposta será tamén publicada no taboleiro de anuncios do Concello para o seu coñecemento público.

Se non se consegue contactar cunha persoa candidata no prazo de 24 h a través do contacto establecido por ela mesma, o envío de correo electrónico ou nun máximo de 3 chamadas en diferentes horas da mañá para presentarlle a oferta de traballo, correrá quenda por orde de puntuación e proporáselle a oferta á seguinte persoa candidata, perdendo a posición da lista e pasaría ao final. Se isto acontecese unha segunda vez, quedaría excluída da lista, tal e como se establece no artigo 11.

De producirse a renuncia da persoa proposta por enfermidade, que deberá acreditar co correspondente certificado médico, ou outras causas de carácter extraordinario que impidan a contratación e que serán valoradas pola comisión, procederase por razóns de celeridade, economía e eficacia, a correr a quenda na lista por orde de puntuación e proporáselle a oferta de traballo á seguinte persoa candidata. A persoa renunciante por estas causas quedará primeira na lista para o seguinte chamamento.

No suposto de que unha mesma persoa aspirante solicitase a súa inclusión en varias categorías, a contratación laboral nunha delas suporá a suspensión automática da súa inclusión e orde nas outras ata a fin do contrato.



Se unha persoa incluída na Bolsa fose contratada por un período inferior a un mes, volverá ás listas na mesma posición que ocupaba antes da súa contratación ata superar en suma de contratos este período mínimo dun mes.

Na fin do contrato que faga que a persoa aspirante teña máis dun mes acumulado de tempo contratado, pasará ao último lugar da lista en todas e cada unha das listas das categorías nas que estea incluída.

Excepcionalmente, cando nunha categoría quedase esgotada, a listaxe da Bolsa de Traballo poderá abrirse un prazo extraordinario da Bolsa de Traballo para cubrir esas necesidades de carácter temporal.

Artigo 10. Retribucións

As retribucións para percibir serán as que se indiquen na táboa de retribucións que se fixen pola Alcaldía, con independencia do financiamento desta con achega municipal ou recursos procedentes doutras administracións públicas. Estas estarán especificadas na proposta de contratación. Cando a categoría non teña un reflexo no cadro de persoal, aplicarase un criterio de semellanza con outro posto, motivando tal criterio na proposta de contratación correspondente.

Artigo 11. Causas de exclusión da Bolsa

Son causas de exclusión da Bolsa de Emprego:

1. Por vontade propia da persoa solicitante coa sinatura do documento de baixa correspondente.
2. Por renuncia inxustificada a unha oferta dun posto de traballo na Bolsa de Emprego solicitada.
3. Por non conseguirse contactar coa persoa solicitante polas vías habituais de comunicación en dúas ofertas consecutivas de traballo.
4. Por ser feito un informe desfavorable por parte dos responsables do servizo dentro dun período inicial de 7 días a partir da súa contratación, ou nun posto da mesma categoría desta entidade, valorado pola comisión. Sendo estas causas de informe negativo:
 - a. Non acudir ao seu posto de traballo sen causa debidamente xustificada.
 - b. Impuntualidade continuada na hora de entrada ao seu posto de traballo.
 - c. Incapacidade manifesta para o correcto desenvolvemento do traballo.



- d. Improdutividade manifesta e anormal no seu traballo.
 - e. Uso inapropiado das ferramentas ou material inapropiado para desenvolver o seu traballo.
 - f. Conduta inapropiada coas persoas usuarias en postos de atención ao público, cos seus compañeiros, compañeiras ou superiores.
 - g. Acudir ao posto de traballo con sinais evidentes de intoxicación por alcohol ou outras drogas.
5. Non achegar a titulación esixida no nivel de estudos para as categorías e especialidades que así o precisaren.
6. Non achegar a documentación esixida en materia de prevención de riscos laborais para cada unha das categorías en que solicita ser inscrita.
7. Non cumprir cos requisitos de capacidade ou estar incurso en causas de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das administracións públicas conforme o disposto na Lei 53/1984, do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 12. Vixencia da Bolsa

A vixencia da Bolsa de Emprego será de 2 anos, que comezarán a contar desde a publicación das listas definitivas, transcorridos os cales, cesarán os dereitos das persoas nela incluídas.

Abrirase unha excepcionalidade deste período de vixencia para as categorías vinculadas exclusivamente á Festa do Marisco. Nestas categorías a vixencia da Bolsa será exclusivamente a do período da Festa (abranguendo días anteriores e posteriores necesarios para a súa montaxe e desmontaxe), abríndose cada ano unha nova convocatoria para presentar candidaturas a estas.

Disposición final

As presentes bases entraran en vigor desde a súa aprobación por esta Alcaldía e a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web institucional.

Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para garantir unha maior transparencia, información e seguridade xurídica da cidadanía desta localidade.

O Grove, xullo de 2016



ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA OS POSTOS RECOLLIDOS NO
REGULAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DO GROVE****1) SOLICITANTE:**

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:			
APELIDOS E NOME:			
DNI/NIE:		N.º SEG. SOCIAL:	
DOMICILIO:			
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
LOCALIDADE:			
PROVINCIA:		IDADE:	
DATA DE NACEMENTO:		NACIONALIDADE:	

2) PRAZA QUE SOLICITA:

ORDE:

- 1) _____
- 2) _____
- 3) _____
- 4) _____
- 5) _____
- 6) _____



Martes, 2 de agosto de 2016

Nº 146

3) DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA EN CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS:*A) REQUISITOS ACADÉMICOS*

TÍTULO OBTIDO E ESPECIALIDADE	CENTRO	DATA REMATE

B) EXPERIENCIA PROFESIONAL

ORGANISMO OU EMPRESA	POSTO	DURACIÓN

C) OUTROS:

DECLARO que todos os datos arriba indicados son certos.

O Grove, _____ de _____ de 2016



ANEXO II**AUTOBAREMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO**

Solicitante: _____ DNI/NIE: _____

Posto (ver anexo): _____

Código: _____

1. Experiencia profesional

Causa	Numero	Para adm. pública: X 0.20 Para empresa privada por conta allea: X 0.15	Puntos	Documentos n.º
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			
Categoría do posto:	Meses:			

2. Méritos académicos

Causa	Puntos	Documentos n.º
Título académico diferente ao esixido e relacionado co posto:		
Outros títulos:		
Outros títulos:		



Martes, 2 de agosto de 2016

Nº 146

3. Formación complementaria:
(So puntúan os organizados por administracións públicas)

Causa	Número	Puntos	Documentos n.º
Cursos, seminarios ou xornadas de entre 11 e 40 horas			
Cursos, seminarios ou xornadas de entre 41 e 70 horas			
Cursos, seminarios ou xornadas de entre 71 e 100 horas			
Cursos, seminarios ou xornadas de entre 101 e 250 horas			
Cursos, seminarios ou xornadas de entre 251 e 400 horas			
Cursos, seminarios ou xornadas de mais de 400 horas			

4. Circunstancias persoais

Causa	Puntos	Documento/s n.º
Por desemprego de longa duración		
Demandante de primeiro emprego		
Cargas familiares		
Discapacidade superior ao 33%		
Desafiuzado/a ou pendente de desafiuzamento		
Empadroamento no Concello do Grove desde hai máis de 2 anos		
Outras:		

Total Puntuación: (Suma 1 + 2 + 3 + 4): _____

O Grove, _____ de _____ de 2016



ANEXO III**REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS PARA CADA CATEGORÍA NA PRESENTE BOLSA DE EMPREGO****BEX:**

Denominación	Código	Requisitos mínimos
Varredor/a	BEX - V	Graduado escolar ou Cert. de Estudos Primarios
Peón/peoa de limpeza xeral	BEX - PLX	1) Carné de conducir B
Peón/peoa de obras públicas	BEX - POP	1) Oficial de 1. ^a ou Experiencia mínima (con contratos de traballo) de 5 anos como oficial de 2. ^a 2) Carné B
Conductor/a de vehículos municipais	BEX - CVM	1) Carné C, C1 e/ou CAP 2) Experiencia mínima de 2 anos acreditada 3) Proba práctica
Peón/peoa forestal	BEX - PF	1) Certificado de Experiencia Profesional ou Experiencia de 1 ano contrastada con documentación que así o acredite, en traballos forestais con capacitación de motoserrista e manexo de rozadoras.
Fontaneiro/a	BEX - F	1) Titulación de formación profesional Fontanería ou Experiencia laboral acreditada de un mínimo de 2 anos como fontaneiro. 3) Coñecementos de electricidade e Soldadura. 2) Proba práctica
Auxiliar de cultura	BEX - AC	Graduado en: • Biblioteconomía e documentación • Historia Ou outra titulación superior relacionada coa área de Humanidades
Auxiliar de turismo	BEX - AT	Formación profesional grao superior: • Guía, información e asistencia turística. ou Titulación superior relacionada coa área de Turismo



Técnico/a de normalización lingüística	BEX - NL	Graduado en: Filoloxía Galega Filoloxía Hispánica (esp. Galego-Portugués) Tradución (esp. Galego)
Encargado/a do mercado	BEX - EM	Formación profesional grao medio: Mantemento electromecánico Instalacións frigoríficas e de climatización

BFM:

Denominación	Código	Requisitos	Funcións
Cociñeiro/a	BFM - CÑ	Formación profesional grao superior: Dirección de cociña ou Experiencia laboral como cociñeiro/a mínima de 2 anos acreditada con contratos	Atención e dirección da cociña Preparación de produtos
Auxiliar de cociña	BMF - ACÑ	Formación profesional grao medio: - Cociña e gastronomía - Servizos en restauración - Panadería, repostería e confeitaría. ou Certificado de profesionalidade de: - Operacións básicas de cociña ou Experiencia laboral como auxiliar de cociña mínima de 1 ano acreditada con contratos	Pinche de cociña. Servizo de produto en posto de venda
Limpador/a	BMF - L	Graduado escolar	Limpeza do recinto feiral



Responsable de almacén	BMF - RA	Formación profesional grao medio en: - Servizos en restauración Certificado de profesionalidade de: - Actividades auxiliares de almacén	Control dos pedidos, seguimento do stock. distribución e seguimento do produto. Control de calidade
Operario/a de montaxe das carpas	BMF - OMC	Formación profesional: - Carpintería e moble. - Instalacións e amoblamento. Valorable carné para transporte de materiais.	Montaxe do recinto feiral Mantemento do recinto feiral Montaxe específico de actividades
Operario/a de montaxe eléctrica	BMF - OME	Formación profesional: Electricidade e electrónica ou Instalacións eléctricas e automáticas ou Certificado de profesionalidade: Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas. Valorable carné para transporte de materiais	Montaxe eléctrica do recinto feiral Mantemento eléctrico do recinto feiral Montaxe eléctrica en actividades específicas
Caixeiro/a	BMF - CX	Formación profesional grao medio (ou titulación superior) en: - Xestión Administrativa - Actividades comerciais.	Cobramento Atención ao público
Atención ao público Auxiliar de eventos	BMF - AP	Formación profesional Grao Superior: Guía, información e asistencia turística. Ou Titulación superior relacionada coa área de Turismo	Información turística Atención a eventos Control de acceso a eventos



ANUNCIO

BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DO GROVE PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL

AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTAR SOLICITUDES

Acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de agosto de 2016:

“Por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2016 aprobouse a creación de dúas bolsas de emprego, unha de carácter xeral e outra máis específica para a Festa do Marisco, cun prazo de presentación de instancias de 15 días hábiles, desde a publicación das bases reguladoras dos procedementos de selección do persoal no BOP de Pontevedra, que tivo lugar o 2 de agosto de 2016.

Considerando que a partir do vindeiro 31 de agosto remata un gran número de contratos temporais e moitos destes novos traballadores desempregados poden ter interese en ser incluídos nas citadas bolsas de emprego.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

Prorrogar **ata o 15 de setembro de 2016 o prazo de presentación de instancias** para tomar parte nas bolsas de emprego do Concello do Grove, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 18/07/2016, cuxas bases foron publicadas no BO da Provincia de Pontevedra do 02/08/2016, admitíndose como presentadas dentro de prazo todas as solicitudes comprendidas entre o 3 de agosto e o 15 de setembro de 2016”.

O Grove, 18 de agosto de 2016

O alcalde, José A. Cacabelos Rico